

HORARIO DO PROFESORADO DOS CENTROS INTEGRADOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL (CIFP)

ORDE do 29 de xullo de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 77/2011, do 7 de abril, polo que se establece o Regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (DOG 08/08/2011).

Téñase en conta para o referente ao horario lectivo semanal do profesorado a Orde do 4 de xuño de 2012 pola que se modifica o artigo 4 da Orde do 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente que imparte ensinanzas reguladas pola LOE.

Artigo 3. Programación das actividades formativas e accións do centro.

1. Na primeira semana de setembro a persoa responsable da área de formación trasladará ás persoas titulares das xefaturas de departamento o conxunto de actividades formativas e accións que se van desenvolver por cada departamento. Inmediatamente despois, os departamentos reuniranse para a concreción da asignación das actividades de formación e accións que cumpra desenvolver. Redactarase acta da reunión, que será asinada por todos os membros que constitúan nese momento o departamento, e entregaráse unha copia á persoa responsable da xefatura da área de formación.

2. En primeiro lugar, asignaranse as actividades de formación e accións nas que se estean a desenvolver as seccións bilingües, as materias que se impartan nunha lingua estranxeira, en aplicación do establecido no decreto para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. A continuación asignaranse as que requiran dispor de profesorado formado especificamente pola Administración educativa para tal fin ou que acredite dispor de titulación, experiencia profesional ou formación adecuada. Esta prioridade limítase ás actividades formativas e accións mencionadas neste parágrafo e, no caso de existiren varias persoas que cumpran os requisitos, seguirase a prioridade que se indica no punto seguinte.

3. Para as restantes actividades formativas e accións, a asignación realizarase con criterios de equidade e mutuo acordo. De non ser o caso, seguirase a seguinte orde:

a) Persoal que accedera ao centro en virtude de procedementos de provisión de postos de traballo convocados con anterioridade á entrada en vigor do Decreto 140/2006, do 31 de agosto:

i) O/a catedrático/a máis antigo/a no corpo.

- ii) Persoal docente con maior número de anos de servizo efectivo como funcionario ou funcionaria de carreira nos corpos docentes con competencia docente no nivel educativo, con destino definitivo no centro.
 - iii) Persoal docente con maior antigüidade con destino definitivo na praza.
 - iv) O ano máis antigo de ingreso no corpo.
 - v) A pertenza ao corpo de catedráticos/as.
 - vi) A maior puntuación obtida no procedemento selectivo de ingreso no corpo.
- b) Persoal que accedera ao centro en virtude de procedementos de provisión de postos de traballo convocados con posterioridade á entrada en vigor do Decreto 140/2006, do 31 de agosto:
- i) Persoal docente con maior antigüidade con destino definitivo na praza.
 - ii) Persoal docente con maior número de anos de servizo efectivo como funcionario ou funcionaria de carreira nos corpos docentes con competencia docente no nivel educativo.
 - iii) O ano máis antigo de ingreso no corpo.
 - iv) A pertenza ao corpo de catedráticos/as.
 - v) A maior puntuación obtida no procedemento selectivo de ingreso no corpo.
- c) No suposto de que non exista persoal do corpo de catedráticos/as que accedera ao centro por un procedemento de provisión convocado con anterioridade á entrada en vigor do Decreto 140/2006, do 31 de agosto, terá prioridade na elección de horarios o catedrático ou a catedrática que accedera ao centro por un procedemento de provisión convocado posteriormente.
4. Todas as situacións e incidencias resultantes da ausencia do persoal serán resoltas no ámbito do departamento e, de ser o caso, da área funcional correspondente.